El Plan Estratégico de Subvenciones el Ayuntamiento de Chantada tiene carácter programático y su contenido no generará derechos ni obligaciones, quedando su efectividad condicionada a la puesta en práctica de las diferentes líneas de subvención, atendiendo entre otros condicionantes a las disponibilidades presupuestarias de cada ejercicio.

CLÁUSULA SÉPTIMA.- MATERIAS OBJETO DE SUBVENCIÓN.

El Ayuntamiento de Chantada establecerá anualmente subvenciones en las siguientes materias:

- Servicios sociales.
- Deportes.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

- Cultura.
- Educación.

CLÁUSULA OCTAVA.- CONTROL Y EVALUACIÓN DEL PLAN

1. El Alcalde de la Corporación, llevará a cabo el control del cumplimiento del presente Plan 2017-2019 durante su periodo de vigencia.
2. Durante el primer trimestre de cada año, el Presidente de la Corporación, deberá presentar ante el Pleno un informe en el que se evalúe la ejecución del Plan, el grado de cumplimiento del Plan, la eficacia y eficiencia del otorgamiento de subvenciones en la consecución de los objetivos y efectos pretendidos y conclusiones, con propuesta de sugerencia para la elaboración del siguiente Plan Estratégico de Subvenciones o la revisión del vigente.
3. Anualmente se podrá realizar la actualización de los planes de acuerdo con la información relevante disponible y la evaluación realizada.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Plan Estratégico de Subvenciones para el periodo 2017-2019 entrará en vigor una vez haya sido aprobado por el Pleno del Ayuntamiento de Chantada.

ANEXO I SERVICIOS SOCIALES

El Área de Servicios Sociales establecerá anualmente subvenciones en el ámbito de sus competencias, mediante los sistemas de convocatoria pública o concesión directa, atendiendo para ello a las circunstancias de interés público, social, económico, territorial y humanitario que han de regir la actuación en materia de política social.

21

Los Servicios Sociales son el instrumento básico para el establecimiento de una política social integral y para el logro del máximo bienestar social. A través de los Servicios Sociales se desarrollan programas orientados a cada uno de los sectores específicos de la población. Comprenden un conjunto de recursos, actuaciones y prestaciones que tienen la finalidad de promover la integración de aquellos colectivos que se encuentran en situación de desventaja social, ayudándoles a superar sus dificultades para mejorar su calidad de vida e integración.

El objetivo general de estas subvenciones es la mejora de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.

El objetivo específico de cada una de ellas, es la propia finalidad establecida por cada asociación o entidad.

El ámbito territorial es el Ayuntamiento de Chantada.

Ámbito temporal	Ejercicios 2017-2018-2019	
Réxime de concesión	Nominativas, a través de Convenios coas propias asociacións	
Coste anual	16.000,00€	
Fontes de financiamento	Fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada	
CONCEPTOS		
BENEFICIARIOS	APLICACIÓN	IMPORTE
Asociación Amigos de Galicia	231.489.01	6.000,00 €
ASDEME	231.489.01	2.000,00 €

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Asociación alcohólicos	231.489.01	1.000,00 €
Asociación “ El Enjambre”	231.489.01	2.500,00 €
Asociación Alzheimer	231.489.01	3.000,00 €
Asociación Cruz Vermella	231.489.01	500,00 €
Asociación Chantada contra o Cancro	231.489.01	1.000,00 €

ANEXO II DEPORTES

El Área de Deportes, establecerá anualmente subvenciones en el ámbito de sus competencias, mediante los sistemas de convocatoria pública o concesión directa, atendiendo para ello a las circunstancias de interés público, social, económico, territorial, que han de regir la actuación en materia de deportiva y en definitiva:

C. Fomento en la actividad deportiva así como en el desarrollo de sus instalaciones.

D. Promoción deportiva a través de federaciones, Clubes y Asociaciones sin ánimo de lucro.

El objetivo general de estas subvenciones es la promoción y fomento del deporte.

El objetivo específico de cada una de ellas, es la propia finalidad establecida por cada asociación o entidad.

El ámbito territorial es el Ayuntamiento de Chantada.

Ámbito temporal	Exercicios 2017-2018-2019
Réxime de concesión	Nominativas, a través de Convenios coas propias asociacións
Coste anual	52.100,00€-50.100,00€-50.100,00€
Fontes de financiamento	Fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada

CONCEPTOS

BENEFICIARIOS	APLICACIÓNS	IMPORTE		
		2017	2018	2019
Asociación Escolas Deportivas	341.489.01	7.000,00 €	0,00 €	0,00 €
S.D. Chantada Fútbol	341.489.01	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
S.B. Chantada Baloncesto	341.489.01	15.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €
Escudería Chantada Automovilismo	341.489.01	8.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
Círculo Chantadino de Xadrez	341.489.01	2.500,00 €	2.500,00 €	2.500,00 €
Club de tenis Chantada	341.489.01	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
Club Ciclista Chantadino	341.489.01	600,00 €	600,00 €	600,00 €
Chantada Karate Club	341.489.01	500,00 €	500,00 €	500,00 €
Asociación Club Atlético Chantada	341.489.01	2.500,00 €	2.500,00 €	2.500,00 €

ANEXO III CULTURA

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

El Área de Cultura, establecerá anualmente subvenciones en el ámbito de sus competencias, mediante los sistemas de convocatoria pública o concesión directa, atendiendo para ello a las circunstancias de interés público, social, económico, territorial, que han de regir la actuación en materia de cultura.

La cultura en general entendida como ámbito social que ayuda a la formación, al desarrollo integral de las personas y, también, mejoran su calidad de vida y bienestar individual y social. La cultura constituye una actividad que, cada vez en mayor proporción, genera riqueza y empleo en nuestra sociedad, sirve para aumentar la cohesión social y potencia la imagen de un Ayuntamiento desarrollado, atractivo, dinámico y vivo.

La cultura, y todos los elementos que forman parte de la misma, no es algo estático, permanente, sino que se puede definir como una realidad viva y cambiante, en la medida en que las personas y los colectivos se socializan en ella e interiorizan la misma pero, al mismo tiempo, la van moldeando. Además, desde el punto de vista del desarrollo local, nuestro patrimonio cultural puede ser considerado como fuente de riqueza y, en ese sentido, el impulso municipal de la oferta cultural, desde el desarrollo de sus líneas estratégicas, sirven también de impulso al desarrollo local.

El objetivo general de estas subvenciones es la promoción y fomento de la cultura.

El objetivo específico de cada una de ellas, es la propia finalidad establecida por cada asociación o entidad.

El ámbito territorial es el Ayuntamiento de Chantada.

Ámbito temporal	Ejercicios 2017-2018-2019			
Réxime de concesión	Nominativas, a través de Convenios coas propias asociacións			
Coste anual	119.800,00€ - 119.300,00€ - 119.300,00€			
Fontes de financiamento	Fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada			
CONCEPTOS				
BENEFICIARIOS	APLICACIÓN	IMPORTE		
		2017	2018	2019
Asociación Coral Polifónica	334.489.01	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
Asociación Conde Pallares	334.489.01	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €
Asociación Casa de música	334.489.01	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €
Amigos do Entroido Ribeirao	334.489.01	1.800,00 €	1.800,00 €	1.800,00 €
Asociación Amigos do Folión	334.489.01	10.500,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
Asociación Castañazo Rock	334.489.01	3.000,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €
Asociación Cultural "O Carme". Festas Patronais	334.489.01	58.000,00 €	58.000,00 €	58.000,00 €
Asociación empresarios de Chantada	334.489.01	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
Réxime de concesión	Concurrencia competitiva			
Coste anual	2.700,00€			
Fontes de financiamento	Fondos propios con cargo á partida orzamentaria			

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

sinalada				
CONCEPTOS				
BENEFICIARIOS	APLICACIONES	IMPORTE		
Premios do Entroido	334.489,02	2.700,00 €	3.700,00	3.700,00

ANEXO IV EDUCACIÓN

El Área de Educación, establecerá anualmente subvenciones en el ámbito de sus competencias, mediante los sistemas de convocatoria pública o concesión directa, atendiendo para ello a las circunstancias de interés público, social, económico, territorial, que han de regir la actuación en materia de cultura.

El objetivo general de estas subvenciones es dinero para el transporte escolar.

El objetivo específico de cada una de ellas, es la propia finalidad establecida por cada asociación o entidad.

El ámbito territorial es el Ayuntamiento de Chantada.

Ámbito temporal	Ejercicios 2017-2018-2019		
Régime de concesión	Concurrencia competitiva		
Coste anual	12.000,00€		
Fontes de financiamiento	Fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada		
CONCEPTOS			
BENEFICIARIOS	APLICACIONES	IMPORTE	
Transporte escolar	323.489,02	12.000,00 €	

24

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento aos efectos oportunos."

4.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CHANTADA EJERCICIO 2018 (EXP 8/2018), DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Pola Sra.Secretaria de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas na sesión do día 08/05/2018.

Vista a proposta da Alcaldía de data 25/04/2018 o cal transcrito literalmente é do seguinte tenor:

"VISTO o Proxecto de Orzamentos para o exercicio 2018, polo seguinte importe:

<i>ESTADO DE INGRESOS</i>		
<i>RESUMO POR CAPÍTULOS</i>		
<i>CAPITULO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>EUROS</i>
1	<i>IMPOSTOS DIRECTOS</i>	2.391.827,78

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

2	IMPOSTOS INDIRECTOS	45.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	592.493,08
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.471.021,04
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	4.508,06
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	381.444,35
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		5.886.294,31
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	2.701.063,76
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	1.850.535,97
3	GASTOS FINANCEIROS	28.994,37
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	256.788,84
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	676.583,04
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	372.328,33
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		5.886.294,31

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018 así como, as súas Bases de Execución de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

25

VISTOS os anexos que acompañan ao orzamento.

VISTOS e coñecidos os Informes de Secretaría e de Intervención de data 23/04/2018 que obran no expediente.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria de data 23/04/2018 do que se desprende que a situación é de superávit .

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento da Regra de gasto de data 23/04/2018 do que se desprende que a situación é de cumprimento.

Esta Alcaldía,

PROPÓN

1. A aprobación do Orzamento do exercicio 2018, considerándose incluídas no Orzamento, todas as modificacións realizadas ata a data excepto as transferencias TC012018 , TC 022018 e TC 032018 que quedaran anuladas á entrega en vigor do orzamento , polo Pleno da Corporación .No caso de aprobarse unha modificación de crédito antes da entrada en vigor do Orzamento de 2018, vía xeración de crédito para as inversións que

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

figuran no anexo de inversión , quedarán automáticamente anuladas coa entrada en vigor do orzamento aprobado.

- 2. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamaciones ante o Pleno.*

O orzamento considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamaciones; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

- 3. O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido no boletín oficial da corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.*

Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente comunidade autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao boletín oficial a que se refire o apartado anterior.

- 4. O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado.”*

VISTO o Ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas do día 8 de maio de 2018.

Aberto o turno de intervencións, sucédense extractadas as seguintes:

26

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que se enviou a documentación por Gestiona e comeza de forma extractada a anilazar o orzamento para o exercicio 2018 (Repasa o contido de cada capítulo desglosado). En relación ó Plan Concertado menciona que dende o ano pasado hai que consignar unha cuantía en torno a 100.000€ a centro de día e guardería. Tamén se incluiu o Aprod Rural. Engade que estes ingresos e gastos poder ser distintos, porque dende 2011 temos bos remanentes que nos permiten facer aportacións para amortizar débeda. Agora a débeda do Concello está entorno ao 30%. O gasto máis importante é o de personal, pero diminulle 5% , 10% con respecto ao ano pasado, porque o ano pasado (2017) foi superdotado. Este ano 45% de gastos persoal. Experimentan as transferencia por centro de día e guardería. Aumenta investimentos polo Plan Único en gran medida. Neste presuposto non se contempla a cuantía dos atrasos do IBI que os obteremos no 2019 e pode estar en torno ós 600.000€. Tamén se prevé o ano que ven unha licenza gas natural en Belesar. Entre os ingresos do IBI, e a licenza desa obra poderíase liquidar a deuda do Concello.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que cando falaba de 16.000€ en gastos sociais falaba das subvencións nominativas e pregunta por qué son estes os primeiros orzamentos que presentan sen reunións previas dos grupos. Engade que non están en prazo para presentalos e que con respecto ó exercicio anterior hai pouco cambios. En ingresos hai novidade grazas á política da Deputación de Lugo (plan único) o que xustifica o aumento de inversións. Os veciños seguimos co IBI. O cobro de atrasos faise de forma diferida (esto ocorre solo en Chantada). En canto as empresas enerxéticas, a Deputación de Lugo permitiu que os Concellos se adhiran a un convenio. Di vostede que a cuantía é pequena.

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que estamos adheridos a ese convenio.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Continúa a Sra. Raquel López Rodríguez, di que temos perdido que o estudo sexa costeadó ó 50% pola Deputación de Lugo. Pregunta ó Alcade se non é mellor recadar cartos así e facer as bonificacións do IBI fai anos.

Engade que en canto as modificacións de taxas, ICIO, resulta pouco beneficiado o sector agrogandeiro e apunta a que detectan incoerencias (ingresos).

En canto ós gastos, da as felicidades pola redución de débeda. Para acadar isto foron anos de axustes e que pagamos os veciños. Agora de vostede depende a decisión de si amortiza ou inviste na cidadanía. Non sei como se recorta ó 45% no gasto de persoal. Non entendo como se recorta neste sector. Seguimos cunha dedicación parcial. Agardamos que poida poñer orden en persoal laboral indefinido e tesourería. Segue sen xustificarse o que no informe de intervención di sobre as plazas en "fraude de lei". Hai plazas que son estruturais e non temporais.

No que respecta ós gastos de inversión non son moi distintos ós do ano pasado se non temos en conta o Plan único. Son ridículos os fondos que aporta a Xunta de Galicia. Son poucos gastos de inversión para Chantada sen ter en conta o Plan Único. Destaca o campo de fútbol (céspede) financiada no 100% pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia. Celebramos o consignado para o saneamento. Pregunta qué pasa coa nova EDAR e coa sentenza, e para os camiños?, é suficiente o que se vai facer?. Botamos en falta outras inversións, en política de emprego, desenvolvemento sostible, formación etc. Pouca novidade, inversión baseada en recursos provinciais, control financeiro limitado e queremos que se faga a posteriori, queremos xerar novos ingresos, invertir en políticas sociais, emprego e innovación. Queda un camiño longo de percorrer.

Intervén o Sr. Rodríguez Medela, manifestando o seu descontento porque tiveron so once días para revisar o orzamento e lles parece pouco ambiciosa a proposta. Chámanos a atención a diminución dos gastos de persoal. Para arranxo de camiños, cando se programen, pido que se conte cos grupos da oposición. Gustaríame que constase que os impostos como IBI que di que se vai cobrar o ano que ven, tamén podería adiantarse este ano. Entendo que estes impostos deben ir para amortizar. É preciso regularizar a situación do persoal laboral indefinido. A partida para sentenzas xudiciais non está. Pido que se me diga si se plantexou incidente de execución. Pregunto por 600.000€ Fevisa e Oviga. A deuda o vendeiro ano será mellor, confiamos. Reacorda á concelleira Dona Raquel que hai outros entes, non so a Diputación, que outorga subvencións.

27

Intervén o Sr. Fente Parada, pedindo que o informe sobre o control financeiro que se explique qué diferenza hai. Intervén o Sra. Susana, dicindo que é a posteriori, e que é obrigatorio co Regulamento de control interno.

Intervén o Sr. Fente Parada, dicindo que no capítulo persoal hai que ter en conta a liquidación. O ano pasado se sobredimensionou e fíxose entendo pola falta de RPT que nos leva á contratación en fraude de lei.

No capítulo de inversións estase abusando do contrato menor. É igual que o ano pasado e se inclúen fondos do ano pasado. Cremos que son inversións cativas. O ano pasado quedou sen executar parte do orzamento de inversión. Son uns orzamentos continuistas, estamos nun momento coa débeda que temos de disxuntiva, ou liquidamos a débeda (oito anos plan de axuste) ou intentemos acollernos a esas vías para ampliar o gasto. Aínda que teñamos superavit, que parece que poida haber (IBI), pregunta, vaise poder invertir ou haberá que amortizar?, xa que a regra do gasto e a estabilidade é moi pequena. Ó mellor é prioritario liquidar débeda para poder empregar en inversión.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Sobre a Confederación Hidrográfica do Miño Sil di que non ten ningún papel que diga que non hai que telo en conta. Este ano non se mete nada, pídese un acto de fe.

En canto ó tema de emerxencia social, pídese que haxa uns criterios claros para que se lle digan a quen se pode acoller.

Sobre o plano de axuste di que temos un goberno sen proxecto a medio e longo prazo para Chantada. Se non temos claro o rumbo é complicado. Esta débeda non se cumpriu co plan de axuste, quen saneou o Concello de Chantada, fío dende Madrid. intervindo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non levamos oito anos en plan de axuste, senín cinco. O catastrazo foi para todos os Concellos de España; o IBI baixouse e o ano pasado foi a 0.60 e o IBI de rústica está no 0.40 (é un dos máis baixos de España). Cando veña a interventora titular que faga un informe económico se se pode baixar máis. Para tocar o IBI de urbana hai que ter coidado. Sobre o proxecto de futuro, pois cando se amortice débeda, depende de que se queira facer, quero pistas en aglomerado en quente. A Deputación tomou acordo de Plan único para inversións, pero o diñeiro da Deputación é tamén dos veciños de Chantada (hai transferencias polos terreos anegados á Deputación de Lugo por parte deste Concello). A Deputación de Lugo nítrese de transferencias do Estado, e dos tributos que se lle cobran os veciños dende o Estado e se transfíren á Deputación. Todo sale do tecido productivo. O diñeiro sale sempre dos mesmos bolsillos.

Dame pena o diñeiro que termina na corrupción. Aquí estase invertindo no que é necesario porque hai xente que tódolos días xestiona. A Xunta tamén aporta. Non lle temos que dar as gracias nin á Xunta, nin á Deputación de Lugo, nin ó Estado, porque todo pagamos os nosos impostos.

Continúa a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que non baixaron o IBI. Nunca pedimos rebaixa en IBI urbana. Os cartos da Deputación son de todos os concellos pero é o que aumenta o orzamento.

28

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que outros Concellos non lle aportan á Deputación o que lle aporta Chantada. Mellor renunciar ó 0.40 e que volva ó Concello. Os 46.000€ son do plan de compensación ambiental.

Comenta Dona Raquel sobre a inclusión dunha partida para esa sentenza xudicial e os 600.000€ para os camiños. O Sr. Alcalde di que non van en presuposto e co remanente virá a un pleno extraordinario. O da sentenza explica que se lle comunicou ó Tribunal e non é viable facelo, dende a mellora que se fixo non houbo ningún problema, a pesar das choivas deste ano, é difícil que volva haber inundación. Estamos á espera.

Intervén o Sr. Rodríguez Medela, dicindo que o desvío provisional é pola finca particular.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que sí. Agora non hai problema. Plan de cooperación ambiental está avalado pola Fegamp.

Intervén o Sr. Fente Parada dicindo, reiteramos os argumentos, non lle queda claro o da sentenza do regato.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que hai que comprar dous terreos e que se personou no xurado do xustiprecio pero o que se fai é cos expertos que teñen e é repercutir o valor.

Intervén o Sr. Fente Parada reiterando a necesidade de que o Concello de Chantada pense en a qué se quere dedicar o Concello.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Continúa o Sr. Alcalde dicindo o ano pasado levounos a aumentar o periodo medio de pago (PMP) e é porque se tardou en aprobar o orzamento. Neste momento volvemos a estar en 34 días e a partir de ahí, cumprimos con todo pero non co PMP. A regra de gasto é un escándalo. Se non hai que amortizar todo, ese sería excedente. Se non queda débeda ó mellor pódese baixar. Os orzamentos son unhas previsións porque se o que se pensaba facer con fondos propios consigues financiación, por eso se varía.

Tras o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, co voto favorable do Grupo Municipal INTA (7), a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (2), e os votos en contra do Grupo Municipal do PSG-PSOE (2) e Por Chantada-Cup (1), **ACORDA:**

1.- A aprobación do Orzamento do exercicio 2018, considerándose incluídas no Orzamento, todas as modificacións realizadas ata a data excepto as transferencias TC012018 , TC 022018 e TC 032018 que quedaran anuladas á entrega en vigor do orzamento , polo Pleno da Corporación .No caso de aprobarse unha modificación de crédito antes da entrada en vigor do Orzamento de 2018, vía xeración de crédito para as inversións que figuran no anexo de inversión , quedarán automaticamente anuladas coa entrada en vigor do orzamento aprobado.

2.- Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

29

O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

3.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido no boletín oficial da corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.

Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente comunidade autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao boletín oficial a que se refire o apartado anterior.

4.- O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado.”

5.- ADHESIÓN XENÉRICA DO CONCELLO DE CHANTADA Á CENTRAL DE

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

CONTRATACIÓN DO ESTADO. (EXP G-520/2018) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

A Pola Sra.Secretaria de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Rexime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos, na sesión do día 08/05/2018.

Vista a proposta da Alcaldía de data 03/05/2018 o cal transcrito literalmente é do seguinte tenor:

“Asunto.- ADHESIÓN XENÉRICA DO CONCELLO DE CHANTADA Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Sistema de Contratación Centralizada Estatal está aberto á adhesión voluntaria das Entidades Locais de acordo co disposto nos artigos 228.3 e 229 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O 30 de decembro de 2015 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Orde HAP/2834/2015, do 28 de decembro, pola que se modifica a Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada. Esta Orde desenvolve o procedemento de adhesión á Central de Contratación do Estado con arranxo aos seguintes termos: Nunha primeira fase, a Entidade Local subscribirán coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación un acordo de adhesión xenérico á Central de Contratación do Estado. A celebración deste acordo de adhesión xenérico implicará a manifestación formal da súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado e o dereito de adherirse aos distintos acordos marco da Central de Contratación do Estado.

30

O Excmo. Concello de Chantada está interesado na utilización da Central de Contratación do Estado.

Visto o informe de secretaria de data 3 de maio de 2018.

Visto o disposto nos artigos 218 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e sendo de interese para este Concello a utilización da Central de Contratación do Estado.

Esta Alcaldía,

PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE CHANTADA

PRIMEIRO.- *Adherir o Concello de Chantada á Central de Contratación do Estado dependente*

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

do Ministerio de Facenda e Función Pública con arranxo ao disposto en o artigo 229 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e con arranxo ao disposto nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, manifestando expresamente a súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado a fin de poder contratar obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marcos, que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á Central de Contratación do Estado para os efectos oportunos por correo, dirixido á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (C/Alcalá, número 9, terceira planta, 28014, Madrid), ou a través das oficinas de rexistro recollidas na normativa vixente.

TERCEIRO: Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.”

VISTO o Ditame favorable da Comisión Informativa de Rexime Interior Urbanismo, Obras e Servizos, do día 8 de maio de 2018.

Aberto o turno de intervencións, sucédense extractadas as seguintes que todos os concelleiros presentes queren debatir de forma conxunta co asunto correspondente ó seguinte punto da orde do día pola súa temática equivalente.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que non ten información suficiente. Parécenos que falta certa información. A adhesión apórtanos tranquilidade de que non nos obriga xa a contratar. Por exemplo, a contratación do suministro de enerxía eléctrica xa que continúan os reparos, podía ser unha solución. Se se fai un mal uso deste mecanismo pode perxudicar ás empresas locais. A elaboración dun acordo marco se supoñería invalidada á adhesión do acordo marco coa FEMP. Pode ser útil se se manteña prioritario so nos casos que poida ser útil. Pregunta se esta adhesión, podería cambiar as regras e que estes anos se cambiasen as regras.

31

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que para a contratación coas empresas eléctricas é interesante, pero para outros habería que estudalo. Habería que tratalo con delicadeza. E da a impresión que os cambios son cativos e sobre todo é importante para Concellos pequenos no tema eléctrico, ó mellor noutros casos non son operativos. Nós solo nos sumamos.

Intervén o Sr. Rodríguez Medela, dicindo que é interesantese favorece a tramitación administrativa, e se favorece a concurrencia. A nivel local pódense facer acordo marcos.

Intervén o Sr. Fente Parada dicindo que se temos que adherirnos a esto se podemos salirmos. Creo que é un lobby estatal. Non me queda claro que esta sexa a única vía, non me sinto seguro na adopción deste acordo. É un primeiro paso de pasar as contratación públicas a outras empresas. Non se da solución ó contrato menor, pero sí se contrata na enerxía. Di que hai que baraxar a posibilidade de facer acordos marcos locais, ver de facer pregos locais, se non se dispón de medios, haberá que facelo con varios concellos e estudialo e coller a idea e se vaia agrupando en varios concellos, unha vez que fas os primeiros pregos é mais doado. É bo facelo a nivel local.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Continúa o Sr. Alcalde dicindo as dúbidas que poidamos ter é que na FEMP está en maioría dos concellos e non creo que traia unha obrigatoriedade. A Deputación podería ser boa para esto. Hai que darlle voto de confianza a Abel.

Tras o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, co voto favorable do Grupo Municipal INTA (7), e do Grupo Municipal do Partido Popular (2), e coa abstención do Grupo Municipal do PSG-PSOE (2) e Por Chantada-Cup (1), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adherir o Concello de Chantada á Central de Contratación do Estado dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública con arranxo ao disposto en o artigo 229 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e con arranxo ao disposto nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, manifestando expresamente a súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado a fin de poder contratar obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marcos, que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á Central de Contratación do Estado para os efectos oportunos por correo, dirixido á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (C/Alcalá, número 9, terceira planta, 28014, Madrid), ou a través das oficinas de rexistro recollidas na normativa vixente.

TERCEIRO: Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

32

6.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. (EXP G-519/2018) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

A Pola Sra.Secretaria de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Rexime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos, na sesión do día 08/05/2018.

Vista a proposta da Alcaldía de data 03/05/2018 o cal transcrito literalmente é do seguinte tenor:

“Asunto.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

previsto na Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, así como nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro entón vixente.

A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Visto que o Excmo. Concello de Chantada está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

Visto o informe de secretaria de data 3 de maio de 2018.

En consecuencia, tendo en conta o disposto nos artigos 228 e seguintes da actual Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP,

Esta Alcaldía,

PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE CHANTADA

33

PRIMEIRO.- Adherir ó Concello de Chantada á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

CUARTO: Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo."

VISTO o Ditame favorable da Comisión Informativa de Rexime Interior Urbanismo, Obras e Servizos, do día 8 de maio de 2018.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Tras o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, co voto favorable do Grupo Municipal INTA (7), e do Grupo Municipal do Partido Popular (2), e coa abstención do Grupo Municipal do PSG-PSOE (2) e Por Chantada-Cup (1), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adherir ó Concello de Chantada á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

CUARTO: Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

7.- RATIFICACIÓN DECRETO Nº 2018-172 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

34

A Pola Sra.Secretaria de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Rexime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos, na sesión do día 08/05/2018.

Vista o Decreto da Alcaldía de data 27/04/2018 o cal transcrito literalmente é do seguinte tenor:

“DECRETO EXPEDIENTE NÚMERO 491/2018

A Constitución española establece no artigo 3 que “As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos”, ademais de recoñecer que as linguas de España son un patrimonio cultural que deberá ser obxecto de respecto e protección.

En consonancia coa Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5 dispón que “A lingua propia de Galicia é o galego” e que “Os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa....”.

A Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, feita en Estrasburgo, o 5 de novembro de 1992, ratificada polo estado español mediante o instrumento de ratificación publicado no Boletín Oficial del Estado número 222, do 15 de setembro de 2001, establece no seu artigo

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

10.2, que as autoridades locais se comprometen a permitir e a fomentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da Administración local e, en concreto, nas solicitudes, nos textos oficiais, nos debates das súas asembleas e na toponimia. Así como do resto de actividades que as administracións realicen por si mesmas ou por terceiros interpostos para a prestación dos servizos públicos garantidos, segundo se establece no parágrafo 3 deste mesmo artigo.

A lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, no artigo 7, números 1 e 3, dispón, respectivamente, que “o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local” e que “a Xunta de Galicia impulsará ó proceso de incorporación da lingua galega na Administración local”.

Vista a Orde o 16 de marzo de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria.

Visto o informe de secretaría do concello de data 24/04/2018.

Vista a premura e urxencia pola finalización do prazo para solicitar a citada subvención.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Acollerse a citada Orde facendo, para elo, un agrupamento de concellos integrado polos concellos de: Carballedo, Cea e Chantada, nomeando ó Concello de Carballedo como representante único que actuará como coordinador e interlocutor coa Secretaría de Política Lingüística e que será o receptor da asignación económica.

SEGUNDO.- A modalidade para que se solicita dita axuda será “Creación dun servizo lingüístico”.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura de calquera documento que sexa preciso para a tramitación da presente subvención.

CUARTO.- Dar traslado desta resolución ós concellos de Carballedo e Cea

QUINTO.- Ratificar a presente Resolución no próximo Pleno ordinario que se celebre.”

VISTO o Ditame favorable da Comisión Informativa de Rexime Interior Urbanismo, Obras e Servizos, do día 8 de maio de 2018.

Aberto o turno de intervencións, sucédense extractadas as seguintes:

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que é unha boa nova que poidamos a optar a esta subvención e pregunta en qué se vai empregar.

Contesta o Sr. Alcalde, manifestando que en normalización. A persoa que traballe estará no Concello de Carballedo. Retomaremos o que viñemos facendo en anos anteriores e facer un estudo de necesidade. Aínda non sabemos se se nos concede.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que entre os falantes máis novos, dista a Xunta das medidas de protección do galego que debería, e que é obriga protexela. Pregunta por qué se nomea a Carballedo como interlocutor. Contesta o Sr. Alcalde que por proximidade tamén a Cea. Espallar o galego é extraordinario, os portugueses con respecto os españois lévanos anos luz en inglés (dobraxen en películas).

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que dende logo que sí, pero sí as horas que se dan de inglés se reduciron, e que indice a ratio de alumnos por aulas.

Intervén o Sr. Rodríguez Medela, dicindo está satisfeito e tamén en que sexa Carballedo o interlocutor.

Intervén o Sr. Fente Parada dicindo no seu momento se perdeu a subvención por unha máquina. A fío da doblaxe, fanos en todos os estados do mundo, salvo en aqueles nos que se quere homoxenizar. Hai forzas políticas que queren impoñer a fala dunha lingua, e faille moito mal. Sen ter o ensino en galego, se non hai unha equiparación é difícil decidir si falar galego ou castelán. Son importantes as políticas de inmersión lingüística. Hai un autoodio tamén na perda de transmisión xeneracional de lingua e pregúntase por qué Galicia perde a lusofonía como ventaxa comparativa. Isto depende dunha axuda e é bo crear un servizo de normalización lingüística no Concello ou Comarca e usar estas axudas para consolidar.

36

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que tamén lle bota a culpa ós partidos que queren impoñer solo o galego. É bo que se facilite o aprendizaxe de varias linguas (tres ou catro).

Tras o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, e por unanimidade dos Grupos, **ACORDA:**

ÚNICO.- Ratificar o Decreto **Nº 2018-172** de solicitude de subvención para a promoción do uso da Lingua Galega

8.- MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN APOIO DO SECTOR DA CASTAÑA. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

A Pola Sra.Secretaría de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Rexime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos, na sesión do día 08/05/2018.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Vista a Proposición presentada por don Anton Fente Parada, en representación do Grupo Municipal Por Chantada-Cup, do tenor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*As producións anuais da castaña na Galiza teñen atinxido, mesmo superado, as 20.000 toneladas nos últimos anos concretizando o grande potencial, xa asinalado na década de vinte e trinta do pasado século, polo galeguismo e alimentado polos danos producidos pola vespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) na Italia. A propia Xunta da Galiza, no rascaño do Plano florestal, propón a plantación de 25.000 novos hectares desta árbore, o cal, como veremos desouve boa parte das demandas do sector e, como de costume, deixa entrever o deseño das políticas do PP ao servizo dos intereses da oligarquía.*

Agora que só se ouven os cantos de serea ligados ao monocultivo do turismo por toda a parte, dissociándose das súas consecuencias sociais (incremento prezo da vivenda, temporalidade e precariedade, musealización, degradación de espazos, especulación urbanística e corrupción...) é preciso lembrar que no rural é posíbel apostar en diversificar as producións e consolidar, cando non criar, postos de traballo dignos e socialmente capitais para atinxir a soberanía alimentar e ordenar o territorio.

Nese sentido, xunto á cereixa, o mel, o leite, a mazá, a horticultura, o viño, a carne, o turismo rural...; a castaña é un posíbel motor económico no país do Faro e conta xa cunha Indicación Xeográfica Protexida (IGP) e, recentemente, a Xunta lanzou a Mesa da Castaña para abrir un diálogo co sector. No entanto, desde o Sindicato Labrego Galego tense advertido que para alén do fomento de castiñeiros urxe apostar por recuperar os soutos abandonados que xa están implantados en zonas idóneas para ese cultivo e que poden producir moito antes que as novas plantacións. Amais, estas zonas de soutos históricos adoitan coincidir con áreas da Rede Natura ou, en todo caso, con áreas demograficamente deprimidas.

37

Soutos de 300 ou 400 anos non poden ficar nun segundo plano, en canto a Xunta centra a súa actuación nas novas plantacións. Do punto vista, ecolóxico, social e territorial isto non se sustenta, mais seguramente tampouco no plano da produción, xa que a miúdo son os exemplares máis idosos os que ofrecen unha maior produción, até 150 ou 200 quilos.

Porén non só esta errada estratexia é o problema. En xuño de 2016 publicáronse no DOG as bases para as axudas ás plantacións de castiñeiro, orzamentándose 2,6 millóns de euros dos que só se executaron 789.000€ e, daquela, das 400 solicitudes apresentadas apenas se aceptaron 140.

De por parte, as 25.000 hectareas planificadas non poden ir alén da propaganda, xa que, como o SLG indicou, non existen plantas de variedades autóctones suficientes para facer as plantacións comprometidas. Trátase, porén, dunha manobra para xustificara dar prioridade ás grandes superficies e, portanto, para financiar as grandes empresas e grupos do agronegocio fronte ás cooperativas e os pequenos produtores.

Sen irmos máis lonxe, a principal beneficiaria da convocatoria 2016-2017 foi a condesa de Castel Blanco, Ilduara Espinosa Borrego, propietaria do Pazo de Cascaxide (Concello de Silleda) cun total de 66.714 euros e, entre as empresas, Explotaciones Gallegas SL con 15.716€, a mesma empresa que celebrou a Lei de depredación da Galiza, contra a que se pronunciou o Pleno de Chantada a instancias dunha moción do noso grupo¹, xa que anda impulsando a reabertura da mina de Touro-Pino.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Así, en vez de privilexiar os pequenos produtores e os soutos históricos, o PP prefere pregarse aos intereses do grande capital en detrimento destes. En 2018, a Cooperativa Coren pretende facerse con 4.500 toneladas para alimentar os marraos da súa liña Selecta3, o que supón 1.500 toneladas máis que no ano anterior, cando adquiriu 3.000 a Alibós, a principal empresa de transformación da castaña. Tamén sociedades vinculadas con Amancio Ortega inxectaron en 2016 1,2 millóns de euros na sociedade Sobrado Forestal 2014, que se encontra participada polo brazo de investimento Pontegadea, mercándose 100 hectares en Sobrado dos Monxes para a plantación de variedades autóctonas que podería adquirir ao programa Paidea Galiza Fundación impulsada nos seu día por Rosalía Mera, ex-muller do magnate galego e receptora de numerosas axudas públicas: 881.472€ só no trienio 2014-2016 –por exemplo para a contratación de bolseiros.

Lembremos que é máis do que se executou en 2016 nas axudas totais ao sector da castaña. Desta arte, sobre o sector pairan oportunidades, mais tamén perigos algúns infelizmente da mao da propia Administración–, como a perda de diversidade ao limitar as axudas ao uso de variedades contempladas na IGP, o abandono a súa sorte do sector após a seca e as xeadas en 2017, a lentitude na loita contra a vespiña, etc.

*No caso da vespiña asiática a solución que está funcionando na Italia é a solta do parasita *Torymus sinensis*, no entanto o PP –desta volta en Madrid– dilátounas inexplicabelmente e a Xunta está agora facendo soltas insuficientes pondo en risco toda a produción de castaña do país. Non existe información nos distintos florestais sobre cal é o plano de loita contra a vespiña, nen cal é o protocolo a seguircando se recoñece a presenza desta praga que leva xa uns catro anos na nosa nación e pode mesmo matar as árbores.*

A política da Xunta cómpre, polo exposto, que vire 360°. Por exemplo, fixándose en cooperativas como A Carqueixa, na parroquia de San Román (Concello de Cervantes) que con 200 persoas asociadas revitaliza unha zona demográfica e economicamente deprimida e recuperou soutos centenarios até explorar actualmente por volta de 2.000 Ha de castiñeiros, dos cales 500 hectares contan con certificado ecolóxico.

38

Esta cooperativa en 2014 producía 30 Tn, mais a súa estratexia centrada en recuperar os soutos históricos disparouna até 220 Tn en 2016. Porén, tamén nos dá a medida das consecuencias da seca e da xeadas en 2017, ao reducirse a súa produción a só 50 toneladas. A seca afectou a que a castaña non medrara e a xeadas a que, definitivamente, impediu que houbera froito.

Se ben é certo que entre A Fonsagrada e O Courel se concentran 60% dos soutos da Galiza, o Concello de Maceda de Trives tamén dá exemplo de como unha administración local pode alimentar sinerxias para impulsar o cooperativismo local. Unha delas, Amarelante, precisamente céntrase no sector da castaña.

A cooperativa Amarelante, formada por cinco familias nace no ano 2013 como un proxecto de recuperación de soutos en estado de abandono para a produción de castaña de calidade que se comercializa baixo o selo de Castaña de Galicia, apostando polo medio rural como medio de vida. O modelo de xestión eleito é o arrendamento ou a cesión dos soutos a propietarios da zona, co obxecto de realizar os traballos necesarios para a súa posta en produción.

Chantada ten potencial, mais a orientación da Xunta deíxa máis unha vez marxina e é antisocial ao favorecer aos máis grandes a custa dos pequenos produtores, que son discriminados cando son os que ordenan o territorio e os que poden manter unha Galiza interior viva e uns soutos vizosos.

Polo exposto, proponse o seguinte ACORDO:

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

1.- Instar á Xunta da Galiza a:

a.- Inverter a súa actual planificación no sector da castaña, que só visa criar un mercado onde os grandes investidores podan lucrase, favorecendo o mantemento e recuperación dos soutos vellos e desligando as axudas da superficie para beneficiar o maior número posíbel de pequenos produtores cos beneficios sociais, medioambientais e laborais que iso trae consigo.

b.- Concretizar canto antes unha liña de axuda e compesacións para o sector polas perdas producidas pola seca e a xeadada no ano 2017, pois relacionadas coa castaña non se procesou ningún tipo de axuda escudándose a Xunta, como no caso dos viñedos, que fora un problema da xeadada e non da seca.

c.- Potenciar, mediante axudas directas, a formación de agrupamento de produtores.

2.- Impulsar desde o Concello de Chantada a catalogación dos soutos e das árbores senlleiras a protexer.

VISTO o Ditame favorable da Comisión Informativa de Rexime Interior Urbanismo, Obras e Servizos, do día 8 de maio de 2018.

Aberto o turno de intervencións, sucédense extractadas as seguintes:

Intervén o Sr. Fente Parada explicando a súa Moción e dicindo que sobre as árbores senlleiras xa se alegou no PXOM e que é importante estar na liña de ver cómo está o patrimonio e que se poida conservar.

Comenta sobre a Moción que se todos os soutos antigos en Galicia están en produción e imos a dar axudas a plantar novas plantacións, sen ter en orde as tradicionais árbores. Polo tanto é preciso primeiro, dar axudas á conservación de soutos existentes antes das novas plantacións. O Concello de Chantada terá futuro si o rural é diverso e vivo.

Se nos deixamos ir polas vías de novas plantacións o pronóstico non é bo.

(Sale Diego)

Continúa dicindo que de 400 solicitudes solo se aceptaron 140. O Ministerio non soltou o parasito necesario para que os danos non vaian a máis no sector da castaña. Hai que revertir a política da Xunta e traballar dende o Concello a favor das árbores senlleiras.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que nesta moción abórdase un sector productivo pero tamén da nosa riqueza paisaxística e o perigo dos lumes.

(Entra Diego)

Hai que tomar en serio as políticas que protexan as nosas especies. Preocúpanos o das enfermidades que afectan ás árbores nas súas raíces. O PSG de Galicia no Parlamento xa plantexou no Parlamento eso. Quería preguntar se a catalogación de árbores fainas a USC.

Intervén o Sr. Fente Parada dicindo que calquera cidadán pode poñelo en coñecemento. O Concello pode incluílo no PXOM. É importante que o Concello aproveite co PXOM a catalogar estes bens, (muíños...) catálogo e rexistros.

Intervén o Sr. Rodríguez Medela, dicindo que é unha moción avalada polo Sindicato Labrego. Estamos de acordo na parte dispositiva pero non na expositiva. O Sindicato Labrego non se presentou as votacións. As subvencións rexeitáronse por defectos forma. En canto ó problema da avispiña, di que hai departamentos de Medio Ambiente que están estudando isto a nivel global. Apoiamos ós produtores. Dúas empresas que se citan teñen un produto que se están vendendo a Coren. Non podemos criticar a certas empresas de Chantada – Ulloa.



CONCELLO DE CHANTADA

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que a Moción métese con algunha administración pero a parte dispositiva é interesantísima. Coa xente da Ribeira falo que non hai quen apañe as castañas. Os porcos de Coren non poderían ser so de árbores senlleiras. Establecen axudas para recuperar eses soutos. Non sei si a través de cooperativas se podería facer (cooperativas. de cereixas, soutos e recuperalos). Todo o que sexa recuperar estas zonas do Concello é boa laboura. É un produto ecolóxico que aporta un gran valor en varios sentidos.

Intervén o Sr. Fente Parada dicindo que faise referencia a grandes empresas que poden favorecer só a estas en detrimento dos pequenos produtores (cooperativas) que poidan agruparse. Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que se axude a novas plantacións é bo pero sen abandonar as vellas.

Intervén o Sr. Rodríguez Medela, dicindo que se pode quitar no punto 1º a) da proposta de acordo o que vai entre comas, modificándose polo tanto. Presentada esta enmenda polo Sr. Rodríguez medela, O Sr. Alcalde do Concello de Chantada somete a votación que no punto primeiro apartado a) se suprima o texto entre comas (“*que só visa criar un mercado onde os grandes investidores podan lucrase*”). Sometido a votación, aprobouse pola unanimidade dos presentes a enmenda.

Tras o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, por unanimidade dos grupos municipais **ACORDA:**

1.- Instar á Xunta da Galiza a:

a.- Inverter a súa actual planificación no sector da castaña, favorecendo o mantemento e recuperación dos soutos vellos e desligando as axudas da superficie para beneficiar o maior número posíbel de pequenos produtores cos beneficios sociais, medioambientais e laborais que iso trae consigo.

b.- Concretizar canto antes unha liña de axuda e compensacións para o sector polas perdas producidas pola seca e a xeadas no ano 2017, pois relacionadas coa castaña non se procesou ningún tipo de axuda escudándose a Xunta, como no caso dos viñedos, que fora un problema da xeadas e non da seca.

c.- Potenciar, mediante axudas directas, a formación de agrupamento de produtores.

2.- Impulsar desde o Concello de Chantada a catalogación dos soutos e das árbores senlleiras a protexer.

9.- MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

De acordo co disposto no artigo 91.4 do ROF e por tratarse dunha sesión ordinaria, o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razón de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompaña á convocatoria e que non ten cabida no punto de rogos e preguntas.

Non habendo ningún asunto a tratar.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

10.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas dende a anterior sesión ordinaria.

11.- DACIÓN DE CONTA DE REPAROS DE INTERVENCIÓN 06 A 14 DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo 218.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

12.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE AXUSTE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no art. 10 do Real Decreto-lei 7/2012, dáse conta do Informe de Intervención de Avaliación Trimestral (1º trimestre 2018) do Plan de axuste do Concello de Chantada, aprobado no seu día para a concertación da operación de endebedamento que financiou aboamentos a provedores tras acollerse o Concello ao mecanismo de pago previsto no Real Decreto-lei 4/2012.

13.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntase no Pleno documentación relativa ao periodo medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2018.

41

14.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntase no Pleno o informe de morosidade correspondente ao 1º trimestre de 2018.

15.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2018, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por Dona Raquel López Rodríguez

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Raquel López Rodríguez.- Insistir en que hai que camiñar para adoptar medidas para evitalos, non se xustifican certas contratacións, brigadas, auxiliares de policía etc.

Alcalde.-

No período de verán nas vacacións da policía, quedarían tres ou catro policías.

Raquel López Rodríguez.- Non hai informe que o xustifique?

Alcalde.-

Sí

Raquel López Rodríguez.- Importe non xustificado Risga (devolución)

Interventora.-Unha persoa que estivo de baixa.

Raquel López Rodríguez.- Falta de envío de alegacións de parámetros por parte de Viaqua, non se puido acoller ás reducións das sancións.

Alcalde.-

Quen as ten que pagar é a empresa. A empresa vainos a devolver o importe.

Raquel López Rodríguez.- En relación a Viaqua a factura de limpeza fluviais. Esta limpeza está no contrato. Por qué hai que pagarlles?

Alcalde.-

Hai que pagarllo igual

Raquel López Rodríguez.- Na Xunta de Goberno Local do 17 de abril sobre a Comunidade de veciños Limiñón.

Alcalde.-

Estivo traballando unha pala esta semana, están intentando legalizar as captacións.

Raquel López Rodríguez.- Sobre a solicitude dun circo

Alcalde.-

Faltaba documentación.

Raquel López Rodríguez.- Felicidades pola seriedade. Pregunta tamén polo estacionamento de autobuses

Castor.-Di que se enviou un email de forma masiva a tódolos Concellos e se preguntou á Policía e dixeron dende a Xefatura Territorial que en Chantada non había problemas. Ontesta en relación ó punto de recollida de animais que está adaptando a empresa que o recolle a nova normativa. Esta empresa presentou en abril as contas do ano pasado. O convenio recollía 50 anos. Sale máis barato recoller can a can que firma aquel convenio.

Raquel López Rodríguez.- Comenta que haberá que facer a licitación.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Castor.- Di que agora que temos o sitio o problema é que a Xunta nos autoriza a meter os cans pero sempre cunha empresa que a recolla. Non vamos meter ningún can sen esa documentación e a Xunta de o OK.

Alcalde.- Di que o que temos e que facer pedagogía dos animais. Os propietarios teñen a culpa de abandonar os cans. Un animal no pode estar tanto tempo na casa.

Raquel López Rodríguez.-Muradelle incidente sobre o río, cando se vai subsanar?

Alcalde.- Vamos empezar co equipo de rego pronto e darlle solución

Raquel López Rodríguez.-Para cando o informe de Viaqua

Secretaría.-Di que se entregará o expediente con tódolos informes.

Raquel López Rodríguez.- Pregunta polo Informe da Plaza de Santa Ana

Alcalde.- Contesta que se remitirá.

Raquel López Rodríguez.- Pregunta polo Convenio coa Deputación.

Raquel López Rodríguez.- Di que moitos veciños estudantes dan queixas sobre a biblioteca: temperatura, horario, enchufes, etc.

Sr. Diéguez Carballo: Contesta que a inversión non é excesiva pero tampouca cativa.

Raquel López Rodríguez.- Pedíuse unha licenza para obras en muro de igrexa.

43

Castor.-Preguntei o arquitecto e faltaba informe de patrimonio e o que falta é un proxecto.

Raquel López Rodríguez.- Di que un veciño da Avda. de Monforte di que existen no 5º andar residuos amoreados, se recollen nas actas de xuntas de veciños. Este veciño di que supón un risco de incendios e para a saúde e podía ir a Policía.

Alcalde.- É algo civil

Francisco Javier Rodríguez Medela.- Está xudicializado xa.

Castor.-Nos contenedores se botan escombros e xa foi a Policía alí.

Por Don Francisco Javier Rodríguez Medela

Francisco Javier Rodríguez Medela.- No Decreto 119/2018: se nombraba a interventora accidental e quere felicitala polo traballo realizado.

Don Francisco Javier Rodríguez Medela.- Se contrata en Depuemprego e pregunta se temos maquinaria para iso?

Alcalde.-Sí, salvo cuba de rego está púxose en perfecto estado.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Francisco Javier Rodríguez Medela.- Sancións conca hidrográfica .

Alcalde.-Pasarémosllela a Viaqua.

Francisco Javier Rodríguez Medela.- Solo houbo esas peticións de subvencións transportes. Informes de reparo: mellor que se segan os informes.

Vimos que se felicitou ao equipo de baloncesto. Vino na prensa. É mellor contar con todos os grupos.

Di que hai que arreglar un aparato de ximnasia.

Francisco Javier Rodríguez Medela.-Devolución de aval edificio multiusos

Alcalde.- Que se mire como está o edificio.

Francisco Javier Rodríguez Medela.- Camións que van a Sogama, paga ó Concello? Non

Francisco Javier Rodríguez Medela.- Di que hai que facer pedagogía, e exhibe fotografías, dun día de feira, (caixas ao lado do contenedor). Deberían meter as caixas no contenedor. Na foto inferior a señora tiña dous contenedores cerca do seu negocio.

Castor.-O cartón ademais faise porta a porta.

Francisco Javier Rodríguez Medela.- Fala do anexo II que haberá que modificar a ordenanza, porque non está ven posto o vado.

44

Por Don Antón Fente Parada

Antón Fente Parada.- Pista Sequeiras – Hermida: solicitan os usuarios que se arranxen pero é urxente reparar a súa transitabilidade (tractores en pedras en camiño).

Alcalde.- Ten que ser na de Vilar – Hermida

Antón Fente Parada.- Na área verde da piscina estase a instalar parque infantil, pregunta se se vai usar caucho. Hai un estudo galego que di que ese caucho é tóxico (deberíanse mirar alternativas).

Castor.- Caucho continuo. A normativa vai en función de altura dos columpios, área ou caucho (en función).

Pregunta o Sr. Fente Parada polo Informe do Sareb.

Antón Fente Parada.- Subvencións das que se presentaron e adxuntaron toda a documentación, ve que unha perdeuse por renta e outra por non ser de Chantada.

Antón Fente Parada.- Nos Servizos Sociais, pregunta cal é o volume de de cofinanciación anual.

Alcalde.-Varían as axudas. Se asignan outras horas de dependencia.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Antón Fente Parada.- Haberá que facer algo

Alcalde.- É vergoñento ter que aportar 100.000€ de Centro de Día e Escola Infantil. Xa se falou con outros Concellos.

Antón Fente Parada.- Vertidos ao río Asma

Alcalde.- Foi o da depuradora.

Antón Fente Parada.- Pregunta por sanción por canalización de regato.

Alcalde.- Fíxose canalización a rúa do rego no 2003, canalizouse para unhas fincas, detectárono e págase agora a sanción.

Antón Fente Parada.- Os vertidos de augas subterráneas será outra cousa.

Alcalde.- Non sei.

Antón Fente Parada.- ¿Medidas para dar solución a este tema?

Alcalde.- Mentras non se faga a nova EDAR nada, a ver si sae adiante o tanque de tormentas.

Antón Fente Parada.- Dúas sentenzas laborais, non se especifica moito e non sabemos a que corresponde. Haberá que detallar.

Alcalde.- Un é seguro de responsabilidade civil e outra é franquicia.

Antón Fente Parada.- O 7 de febreiro hai unha factura de 14.000€ de alguén que traballa para o Concello e aparece agora contratado.

Alcalde.- Ten o seu tractor. Agora é o mesmo que aparece contratado na brigada. Anotouse e o tribunal o aprobou.

Antón Fente Parada.- ¿Ten a compatibilidade?

Alcalde.- Habería que velo

Antón Fente Parada.- A numerosos colectivos se deixan locais e a CUP non se lle deixa e o ROF di que se deixe

Alcalde.- Se queren algo para reunións puntuais deixanse.

Antón Fente Parada.- Na Xunta de Goberno Local do 18 de abril se solicita a aprobación definitiva do PXOM e non se di quen é. Deuse conta do mesmo.

Alcalde.-Eu agora mesmo non sei.

Antón Fente Parada.- Fotos do pombal das piscinas. Está nun estado de fracturas.

Alcalde.- Nós queríamos facer negociación co dueño e trasladalo.

Antón Fente Parada.- É mellor arreglalo.

Alcalde.- O dono está disposto a donalo pero ten que ter todos os permisos pertinentes.



CONCELLO DE CHANTADA

Antón Fente Parada.- Línea de axudas que se subiu a web, a qué se destinaron os cartos (de política social e inclusión da infancia).

Diego Otero.- Parte diso se usa para o soldo da educadora familiar (creo).

Alcalde.- Será do CIM

Antón Fente Parada.- Según po DOGA 25/1/2018 se deron 5.000€ menos dos que se aprobaran.

Alcalde.- Non se xustificarían as horas de traballo. Cobran de menos.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e tres horas do expresado día, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

Manuel L.Varela Rguez.